



Dúbdas frecuentes na documentación inicial dos grupos de traballo/seminarios de centros concertados ou intercentros

(Curso 2024-2025)

1. ¿Quen solicita o grupo de traballo (GT) ou seminario?

A persoa coordinadora do GT ou seminario.

2. ¿Cando e onde teño que facer a preinscrición?

A preinscrición realízase desde:

FPROFE -> CONVOCATORIAS -> SOLICITAR

O prazo límite é o **23 de setembro de 2024**.

3. ¿Cando teño que ter completa e entregada toda a documentación inicial do GT ou seminario?

O **10 de outubro de 2024** como prazo límite. A documentación complétase a través de **FPROFE -> CONVOCATORIAS**. A solicitude (Anexo I) deberá entregarse selada e asinada pola dirección e a persoa coordinadora.

4. ¿Que documento teño que xerar e entregar ao CFR de Ourense?

O documento de solicitude pode xerarse no botón de "IMPRIMIR SOLICITUDE" na sección de Participantes do GT ou seminario correspondente.

5. Características dun grupo de traballo.

O número de **participantes** debe ser entre **3 e 10**.

O número de horas debe ser entre 20 e 50.

O máximo de **docencia** é do **20%** das horas totais.

O máximo de **traballo individual** é do **30%** das horas totais.

As sesións do grupo de traballo deben ser de mínimo 2h e máximo 4h.



6. Características dun seminario.

O número de **participantes** debe ser entre **8 e 20**.

O número de horas debe ser entre 20 e 50.

O máximo de **docencia** é do **30%** das horas totais.

O máximo de **traballo individual** é do **20%** das horas totais.

As sesións do grupo de traballo deben ser de mínimo 2h e máximo 4h.

7. ¿Cando remata o prazo para entregar a memoria final do GT ou seminario ao final do curso académico?

O **30 de maio de 2025**.

8. ¿Pode un relator do propio grupo de traballo ou seminario impartir a docencia e ser asistente?

A docencia pode ser impartida por profesorado con destino no propio centro educativo do centro sede dese GT ou seminario e ser asistente, tendo en conta que as horas que sexan de relator descontaranse en fprofe como asistente no curso.

9. ¿Cantas horas de asistencia se precisan para poder certificar o GT ou seminario?

Para certificar é preciso un mínimo de asistencia ao 85% das horas totais do GT ou seminario con independencia da causa que orixine as faltas.

Non poderán participar as persoas de baixa.

Poden participar as persoas de permiso de maternidade/paternidade.